

# Sistemas de pensiones

## Vantaxes e inconvenientes



Fernando Del Río

Universidade de Santiago de Compostela



# **Sistemas de pensións: vantaxes e inconvenientes**

**Fernando Del Río**

Universidade de Santiago de Compostela

Publicado polo European Liberal Forum asbl, co apoio da Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia (Galidem) e o Movemento Liberal Social (MLS).  
Financiado polo Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo non é responsábel do contido da publicación. Os puntos de vista expresados na publicación son dos respectivos autores e non reflicten necesariamente os puntos de vista do European Liberal Forum asbl.

copyright © 2014 European Liberal Forum asbl, Bruxelas, Bélxica.

Esta publicación só pode ser reproducida, arquivada ou transmitida, en calquera formato ou por calquera medio, coa autorización previa por escrito do editor. As cuestións relacionadas con a reprodución fora destes termos deben ser enviadas ao European Liberal Forum. Unha copia dixital desta publicación poderá ser obtida gratuitamente en [www.liberalforum.eu](http://www.liberalforum.eu), [www.galidem.eu](http://www.galidem.eu) ou [www.liberal-social.org](http://www.liberal-social.org).

Para informacións adicionais e distribución:

galidem - Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia  
Rúa do Bispo Lago 33,  
E36700 Tui (Galiza), España  
[www.galidem.eu](http://www.galidem.eu)  
[galidem@galidem.eu](mailto:galidem@galidem.eu)

MLS - Movemento Liberal Social  
Rúa Ramalho Ortigão, 31, CV DTA  
1070-228 Lisboa . Portugal  
[www.liberal-social.org](http://www.liberal-social.org)  
[secretariado@liberal-social.org](mailto:secretariado@liberal-social.org)

Ficha Técnica:

Título: Sistemas de Pensións: vantaxes e inconvenientes  
Serie: Unidades Didáticas sobre Liberalismo. III. Economía.

Autor: Fernando Del Río

Editor: European Liberal Forum asbl

Imprime: *Faster Print*

Palabras-chave: pensións, sistemas de reparto, sistemas de capitalización, sistemas Beveridge, sistemas Bismarck.

# Índice

<b>1.</b>	<b>Introdución</b>	<b>p. 1</b>
<b>2.</b>	<b>Tipos de sistemas de pensiones</b>	<b>p. 2</b>
<b>3.</b>	<b>Capitalización vs. reparto</b>	<b>p.4</b>
<b>4.</b>	<b>A transición do reparto á capitalización</b>	<b>p.7</b>
<b>5.</b>	<b>Demografía e solvencia: da prestación definida á contribución definida</b>	<b>p.8</b>
<b>6.</b>	<b>Sistema Beveridge: unha opción viábel</b>	<b>p.11</b>
<b>7.</b>	<b>Conclusiones</b>	<b>p.14</b>
	<b>Para saber máis...</b>	<b>p.16</b>
	<b>Resumo</b>	<b>p.17</b>
	<b>Actividades</b>	<b>p.18</b>



# 1

## Introdución

Os sistemas de pensións son un dos principais compoñentes do que se deu en chamar Estado do Benestar. Hoxe en día todos os países desenvolvidos contan cun sistema de pensións. Porén, debemos ser conscientes de que os sistemas de pensións varían significativamente entre países. Non todos son iguais. Por iso convén ter unha visión clara de cales son os principais sistemas de pensións polos que podemos optar e cales son as súas características.

Actualmente os sistemas de pensións nalgúns países, o español entre eles, están a atravesar severos problemas de solvencia e a representar cada vez unha maior porcentaxe de gasto en termos de PIB, coa conseguinte carga impositiva asociada. Os problemas teñen a súa raíz fundamental en factores demográficos adversos.

Para superar estes problemas téñense proposto reformas substanciais do sistema de pensións e mesmo mudanzas radicais de modelo. Só se coñecemos con exactitude en que consiste cada sistema de pensións e somos conscientes das súa vantaxes e inconvenientes, poderemos decatármolos do significado e implicacións das reformas e mudanzas propostas. Así, poderemos ter unha opinión formada sobre este crucial asunto.

Este artigo organízase como segue. Na segunda sección describemos brevemente os diferentes tipos de sistemas de pensións existentes. Contraporem os pros e contras dos sistemas de reparto e de capitalización na terceira sección. Na cuarta sección discutimos a viabilidade da transición dun sistema de reparto a un de capitalización. Na quinta sección analizamos os medios que podemos usar para garantir a solvencia dun sistema de reparto que se confronta un escenario demográfico adverso. Na sexta sección, comparamos dous sistemas de reparto de inspiración moi diferente, os sistemas anglosaxóns –que ao meu xuízo son os mais axeitados- e os de Europa continental. Por último, concluímos.

# 2

## Tipos de sistemas de pensións

Os sistemas de pensións poden agruparse en dúas categorías:

1. Os sistemas de pensións de reparto
2. Os sistemas de pensións de capitalización.

Nun sistema de reparto a xeración en idade de traballar paga as pensións dos reformados. Tal como estes pagaron as pensións da xeración previa e tal como a xeración actual espera que os que están por vir soporten as súas.

Nun sistema de capitalización as cotizacións obrigatorias dos traballadores acumúlanse nun fondo de investimento. Os cotizantes han recibir o valor capitalizado do fondo cando cheguen á súa idade de reforma. Por tanto, a longo prazo, a taxa de rendibilidade do fondo está determinada pola taxa de rendibilidade normal do mercado.

O fondo de capitalización pode ser individual ou colectivo e os rendementos do fondo poden partillarse segundo a contribución de cada quen ou introducindo o sistema redistributivo que se considere oportuno. A xestión do sistema pode ser pública ou privada. Por tanto, un sistema de capitalización non implica necesariamente a privatización das pensións nin impide mecanismos redistributivos. Porén, a xestión privada, na medida en que dea posibilidade de elección aos traballadores e introduza concorrencia entre os xestores dos fondos ha aumentar a eficiencia do sistema.

Os sistemas de reparto poden clasificarse en dous tipos atendendo á relación entre a cotización e a pensión:

1. Sistemas Bismarck.
2. Sistemas Beveridge

Un sistema Bismarck é un sistema contributivo no que a pensión dun reformado é proporcional á súa cotización. Por contributivo estamos a referirnos a que son as achegas, cotizacións, dos propios participantes no sistema as que financian as pensións dos propios participantes, excluindo aos que fican fóra. O nome débello ao Canciller prusiano Otto von Bismarck, artífice da unificación alemá, quen a finais do século XIX implementou un pioneiro sistema de pensións.

A longo prazo, se o sistema de reparto está en equilibrio, a taxa de rendibilidade do sistema é igual á suma da taxa de crecemento da poboación mais a taxa de crecemento da produtividade. A razón é que, supondo que cada xeración cotiza a mesma fracción do seu salario, o cociente entre o monto total de cotizacións dunha xeración e o monto total das pensións que esa xeración ha recibir en contraprestación ás súa contribucións é igual á taxa de crecemento da poboación mais a taxa de crecemento da produtividade.



O sistema Bismarck pode incorporar elementos redistributivos, daqueles con maiores cotizacións cara aqueles con menores cotizacións, na medida en que a relación entre pensión e cotización teña pendente menor que un. Mesmo, como no sistema español, pode establecerse unha pensión máxima de xeito que a partir de certo límite unha maior cotización xa non se traduce nunha maior pensión. Tamén, como en España, soe incorporarse unha pensión mínima.

Un sistema Beveridge é un sistema non contributivo no que todos os reformados reciben unha pensión mínima financiada con impostos xerais do Estado. É por tanto un sistema mais inclusivo que o bismarckiano ao non deixar ninguén fóra do sistema. Willian Beveridge –de quen o sistema recibe o nome - foi Catedrático de Economía en Oxford, primeiro representante do Partido Liberal na Cámara dos Comúns e logo, unha vez nomeado Barón de Tugall pola raíña, cabeza do grupo liberal na Cámara dos Lores. El elaborou o famoso informe de 1942 que sentou as bases do actual sistema de seguranza social británico.

Os sistemas à la Bismarck son mais propios da Europa continental mentres os sistemas à la Beveridge son mais propios dos países anglo-saxóns. Porén, un non debe procurar en ningures un sistema Bismarck ou Beveridge puro. Na práctica todos os sistemas son algo intermedio entre estes dous marcos teóricos.

Os sistemas à la Bismarck están empiricamente asociados a un maior gasto en pensións públicas e menor en pensións privadas. O cal non é de estrañar xa que un sistema à la Beveridge pretende garantir unha pensión asistencial que o individuo probabelmente desexe complementar con algún fornecemento privado.

Os sistemas de reparto poden clasificarse en dous tipos atendendo ao conxunto de dereitos e deberes aos que dan lugar:

1. De prestación definida.
2. De contribución definida.

Nun sistema de prestación definida dado un historial de cotización, a pensión á cal esta da dereito está perfectamente definida, mentres que nun de contribución definida o que toca cotizar está claro, mais a prestación á que da dereito ha depender das circunstancias demográficas e económicas.

Un sistema de prestación definida non pode garantir a solvencia do sistema dado que en determinado momento as obrigas adquiridas poden ultrapasar os recursos dispoñíbeis. Porén, un sistema de contribución definida adapta as prestacións en cada momento aos recursos dispoñíbeis.

O sistema de pensións español tradicionalmente foi un sistema de prestación definida. Porén, algunhas reformas recentes, que posibelmente continúen no futuro, estano a converter nun sistema de contribución definida. As reformas realizadas e planeadas producíronse por mor dos problemas de solvencia que atravesaba o sistema de pensións español, debido en grande medida a factores demográficos.

# 3

## Capitalización vs. reparto

Tentaremos agora avaliar cales son os prós e contras dos sistemas de reparto e capitalización

### *Os inconvenientes dun sistema de reparto*

Os sistemas de reparto poderían implicar baixas taxas de rendibilidade, gravar excesivamente as rendas salariais e actuar como un desincentivo á poupanza.

#### 1. Baixa taxa de rendibilidade

Nun contexto de feble crecemento demográfico como o actual a rendibilidade dun sistema de capitalización –igual á taxa de rendibiliade normal do mercado- é superior á dun sistema de reparto, cuxa rendibilidade a longo prazo, é igual á taxa de crecemento da poboación mais a taxa de crecemento da produtividade. Esta maior rendibilidade esperada é actualmente unha baza en prol do sistema de capitalización.

#### 2. Forte imposto sobre as rendas salariais

As cotizacións sociais do sistema de reparto supoñen un forte gravame para as rendas salariais. Isto podería conducir a unha diminución da oferta de horas traballadas, da elección ocupacional e do esforzo, mesmo a unha baixa creación de emprego e consecuentemente á elevación da taxa natural de desemprego nunha sociedade. Por tanto, pasar a un sistema de capitalización podería evitar esta distorsión no mercado laboral.

#### 3. Desincentivos á poupanza

O sistema de reparto provoca unha redución da poupanza nunha sociedade o que acarreta un aumento das taxas de xuros e unha redución do investimento. No longo prazo, isto tradúcese nunha menor renda per cápita. A razón é que os individuos, ao teren asegurado na súa xubilación unha renda proveniente da súa pensión, han reducir o monto da súa poupanza nunha cantidade proporcional ao monto da pensión esperada.

### *Os inconvenientes dun sistema de capitalización*

O sistema de capitalización non supón ningunha das distorsións que acabamos de reseñar e implica unha maior taxa de rendibilidade se a taxa de xuros é maior que a suma da taxa de crecemento da poboación e a taxa de crecemento da produtividade, mais tamén ten o seus inconvenientes. Nin supón un imposto sobre as rendas salariais nin tampouco supón mingua da poupanza. O que supón o sistema de capitalización é que unha porcentaxe da poupanza dos individuos é obrigatoria e obrigadamente destinada ao fin de asegurarse contra as eivas causadas pola vellez.

## 1. Alocación ineficiente da poupanza

Precisamente, o facto do sistema de capitalización implicar unha elevada porcentaxe de aforro obrigatorio destinado a sufragar as futuras pensións é un dos seus inconvenientes. Os individuos poderían desexar destinar estes recursos a outros fins mais rendíbeis. Por tanto, o aforro obrigatorio pode estar a forzar unha atribución ineficiente dos recursos. Por exemplo, considere un traballador novo de baixa cualificación con elevada probabilidade de ficar desempregado. O sistema de capitalización estaría obrigando a destinar unha elevada fracción do seu salario ao sistema de pensións que el tal vez preferiría destinar a adquisición de capital humano que eleve o seu salario futuro e reduza a súa probabilidade de ficar desempregado.

Investir as cotizacións nun fondo de investimento e esperar polos seus rendementos entraña un risco inherente a todo investimento. Non habería maior problema se os investidores internalizasen todas as potenciais ganancias e perdas. Porén, cando este fondo de investimento está destinado sufragar pensións en caso de que o fondo obteña moi baixas rendibilidades pode reclamar a salvataxe pública. E como a presión política dos reformados é moi forte entón estas presións teñen visos de éxito. De ser así, os investidores internalizarán as potenciais ganancias mais non as potenciais perdas que se transferirán ao contribuínte en caso de producirse. Consecuentemente, en ausencia de restricións gobernamentais ao respecto, os investidores optarán por unha alocación ineficiente dos seus fondos destinándoos a investimentos potencialmente moi rendíbeis mais tamén moi arriscados.

Para evitar este comportamento ineficiente produto do risco moral, o goberno pode limitar –e normalmente así fai– a marxe de acción dos fondos de pensións. Mais tampouco hai garantía algunha de que a alocación da poupanza en presenza das regulacións gobernamentais sexa eficiente pois o goberno é un axente tan mal informado e tan interesado como calquera outro.

## 2. Incentivos perversos no proceso político: endebedamento público.

Tamén o sistema de pensións de capitalización pode xerar comportamentos perversos nas autoridades públicas. Comportamento que han agravar os problemas das arcas públicas. De tres xeitos:

2.1 Habitualmente os fondos de pensións están obrigados por lei a investir unha porcentaxe do fondo en débeda pública coa pretensión de asegurar os seus rendementos. Isto facilita o crédito barato ao Estado e incentiva o excesivo endebedamento público.

2.2 Os fondos de pensións constitúen un bocado apetitoso para os gobernantes. Tan guloso que a miúdo non poden resistir a tentación de expropiación. Por un lado, a posibilidade de expropiación incrementa a inseguranza xurídica e consecuentemente retrae o investimento. Por outro lado, nótese que se o goberno sabe que sempre ten a posibilidade de expropiar os fondos de pensións entón terá menos temor ao endebedamento ao tempo que tamén os prestamistas terán menos temor a emprestarlle. O excesivo endebedamento público está entón servido.

2.3 E a outra cara da moeda. Non esquezamos que a rendibilidade dos fondos de pensións depende do mercado. Nos malos tempos. Os inversores han querer, como todos, que o Estado lles tire as castañas do lume e acuda no seu rescate. E a súa reclamación non carecería de sentido xa que foron obrigados polo Estado a adquirir este produto financeiro. Ademais, non han carecer de peso político para concretar as súas reivindicacións. Mais unha vez, débeda para o Estado.

# 4

## A transición do reparto á capitalización

Actualmente España e a maioría dos países da súa contorna teñen sistemas de pensións de reparto. Debido aos problemas que intrinsecamente estes exhiben así como por mor dos problemas de solvencia que actualmente atravesan, e que analizaremos a continuación, tense suxerido abandonar este modelo e substituílo por un sistema de capitalización.

Porén, debemos ter en conta os problemas que suscita a transición dun sistema de reparto a un sistema de capitalización pois no momento de realizar a transición os actuais traballadores pasarían a contribuír ao sistema de capitalización e deixarían de pagar as cotizacións sociais destinadas a satisfacer as obrigas adquiridas cos actuais reformados.

Para facer fronte a estas obrigas o Estado debe endebedarse e repartir os custos desta débeda entre as xeracións actuais e futuras. Moito a miúdo acredítase en que non é posíbel unha transición que poda mellorar o benestar de todas as xeracións, presentes e futuras, pois as obrigas de financiamento desta débeda han repercutir nun empeoramento do benestar das xeracións presentes, aínda que as futuras, certamente, saian favorecidas.

Mais esta transición pode ser mais doada do que se pensa. Se o actual sistema de reparto ten consecuencias negativas para a produtividade e/ou o emprego entón é posíbel realizar a transición a un sistema de capitalización de xeito que todas as xeracións –presentes e futuras- melloren o seu benestar sen que a débeda contraída supoña ningún problema de solvencia para as arcas públicas. Se as elevadas cotizacións sociais xeran graves distorsións no mercado de traballo as potenciais ganancias de benestar da transición a un sistema de capitalización non serán desprezáveis.

A razón é que se a substitución do sistema de reparto polo de capitalización implica ganancias de produtividade e/ou emprego entón a débeda contraída polo Estado para financiar a transición é financiábel cun esquema de taxas sobre as xeracións presentes e futuras que supoñan para cada un dos individuos dunha xeración un imposto substancialmente menor que o monto da contribución soportada por cada individuo dunha xeración en caso de manterse o sistema de reparto. O imposto pode ser relativamente baixo debido a que a produtividade de cada individuo é maior e/ou debido a que a taxa de emprego de cada xeración é maior. Así, todas as xeracións, presentes e futuras, poden mellorar o seu benestar.

# 5

## Demografía e solvencia: da prestación definida á contribución definida

A solvencia dos sistemas de reparto bismarckianos e de contribución definida como español está posta en cuestión debido a factores demográficos adversos. Para ver como afectan as perturbacións demográficas á solvencia do sistema compre entender que é o que determina a magnitude dos gastos do sistema en relación á capacidade de financiarlos, que en última instancia ven dada polo PIB dun país.

Nun sistema Bismarck o gasto en pensións en porcentaxe do PIB está determinado en última instancia por:

1. A taxa de dependencia, que é cociente entre pensionistas e reformados.
2. A xenerosidade da pensión media, a relación entre o monto da pensión e a produtividade.

Dous son as variábeis demográficas cuxa evolución está a ter un impacto negativo sobre o equilibrio orzamentario destes sistemas debido a que están a provocar un aumento considerábel da taxa de dependencia:

1. A esperanza de vida dos reformados está a aumentar e hai que pagarlle unha pensión a unha persoa cada vez mais tempo.

2. A taxa de natalidade reduciuse significativamente o que está a implicar que a taxa de substitución está a descender xa que cada vez entra menos xente no pool de cotizantes en relación á que entra no pool de reformados.

A estes factores demográficos hai que acrecentar un último factor que está a provocar un aumento da pensión media:

3. A xente que entra no pool de reformados ten dereito a maiores pensións que aqueles que o abandonan.

Nun sistema de prestación definida como o español o dereito á pensión está preestablecido en función das cotizacións dun individuo. Isto implica que a capacidade que ten o sistema para absorber as perturbacións demográficas que incrementen a taxa de dependencia é escasa.

Se perturbacións demográficas adversas como as antes sinaladas provocan un aumento da taxa de dependencia entón só hai dous medios de contrarrestar este incremento para conter o incremento do gasto en pensións en porcentaxe do PIB:

1. Reducir a xenerosidade da pensión media
2. Aumentar a idade media de xubilación.

Ambos camiños xa se teñen emprendido en España. Nunha recente reforma o goberno incrementou a idade legal de xubilación dos 65 aos 70 anos. Outros xeitos de elevar a idade media de xubilación son tentar reducir as xubilacións anticipadas e incrementar os incentivos e a flexibilidade do sistema para

que as persoas podan continuar en activo logo da idade legal de xubilación.

Por suposto, o aumento da idade media de xubilación non implica unha redución da pensión que cobra unha persoa mais si do valor presente das pensións que esa persoa espera perceber ao longo da súa vida como reformado. Por tanto, aumentar a idade de xubilación significa reducir a xenerosidade do sistema.

Un xeito tamén emprendido en España de reducir a xenerosidade da pensión media é reducir o factor de proporcionalidade entre a pensión e as cotización realizadas. Para iso o que se fai é incrementar os requisitos para adquirir determinados dereitos tais como aumentar os anos mínimos que se necesitan ter cotizados para ter dereito a unha pensión contributiva ou aumentar os anos mínimos necesarios para ter dereito á pensión completa.

Para permitir unha flexíbel adaptación da pensión media ás necesidades orzamentarias do sistema estase a realizar unha paulatina transformación do sistema dun de prestación definida a un de contribución definida no que as pensións dos individuos se van axustando en función das necesidades financeiras do sistema. Para poder adaptarse de xeito flexíbel ás circunstancias demográficas existen dous mecanismos de axuste da pensión media.

Por un lado, axustar a pensión inicial dun individuo en función da esperanza de vida da súa xeración de xeito que o fluxo das pensións recibido por dous individuos de diferentes xeracións con distinta esperanza de vida teña o mesmo valor esperado presente. A este factor de axuste déuselle en chamar *Factor de Sustentabilidade*.

Por tanto, na medida en que o esperábel no medio prazo é un incremento gradual da esperanza de vida, este factor introduce nun futuro previsíbel un elemento de corrección á baixa das futuras pensións.

Por outro lado, revalorizar as pensións coa intención de cadrar o gasto en pensións cos ingresos estruturais do sistema —é dicir, aqueles que se darían nunha situación chamada de pleno emprego e corri-xidos, por tanto, de circunstancias cíclicas. A este factor de axuste déuselle en chamar *Índice de Revalorización das Pensións*.

Na medida en que a medio prazo o previsíbel é que o número de pensionistas se incremente a un ritmo maior que o de cotizantes entón debemos comezar a afacernos a que as pensións se revaloricen por debaixo da inflación durante un prolongado período de tempo.

Podería tamén optarse por un forte incremento das cotizacións sociais e/ou da porcentaxe de impostos destinados a sufragar os custos crecentes do sistema. Un aumento das cotizacións sociais sería o último cravo do ataúde para o emprego e os asalariados neste país, así que prefiro non seguir por esta vía. Aumentar a porcentaxe de impostos destinados a soste o sistema de pensións implicaría ben subilos —e se xa as taxas impositivas españolas son disparatadas, non quero nin contarlle a onde nos levaría- ou

ben recortar noutros usos –e por aquí non parece haber moita marxe, a non ser que se reduzan os gastos en educación ou sanidade.

De todos os xeitos, o que debe ficar moi clariño é que só existe unha maneira de contrarrestar os efectos negativos da evolución demográfica para o sistema: reducir a xenerosidade do sistema ben aumentando a idade de xubilación ou reducindo a xenerosidade da pensión media. Por tanto, si. Se tiña o temor de que a reforma do sistema de pensións ía ir en prexuízo da súa xenerosidade estaba no certo. Mais non hai outra. Se o que se quere é garantir a solvencia do actual sistema, claro. Porque sempre se pode abandonar o sistema de reparto Bismarck.



# 6

## Sistema Beveridge: unha opción viábel

Os problemas de solvencia que atravesan os sistemas de pensións bismarckianos poden ser solucionados a longo prazo optando por un sistema à la Beveridge pois este último ofrece a posibilidade a longo prazo de reducir o gasto en pensións –e consecuentemente a carga impositiva asociada- a unha porcentaxe ínfima do PIB.

Realizar a transición a un sistema à la Beveridge require facer fronte ás obrigas contraídas cos pensionistas actuais a través da emisión de débeda pública. Mais, como xa dixen anteriormente en referencia á transición a un sistema de capitalización, na medida en que a mudanza de modelo implique a eliminación de importantes distorsións impositivas a transición pode ser realizada sen problemas de solvencia para as arcas públicas e mellorando o benestar de todas as xeracións, presentes e futuras.

E non debo deixar de apuntar que un sistema à la Bismarck pode ser transformado nun sistema à la Beveridge case sen que nos decatemos dun xeito moi simple: achegando a pensión máxima e mínima. Se un observa a evolución da pensión mínima e a máxima en España nos últimos anos algo disto pode estar a acontecer.

### *A carga impositiva do sistema à la Bismarck*

Nun sistema à la Bismarck, xa que a pensión dun individuo é proporcional á súa cotización e esta ao seu salario, entón a pensión media crece ao mesmo ritmo que a cotización e o salario medio e que aproximadamente crecen a un ritmo igual á taxa de crecemento da produtividade mais a taxa de inflación. Xa que a cotización media e a pensión media varían ao mesmo ritmo entón a taxa de variación do gasto en pensións en porcentaxe do PIB é igual á taxa de variación da taxa de dependencia (o cociente entre reformados e cotizantes). Se esta é positiva entón a porcentaxe de gasto en pensións en termos de Produto Interior Bruto incrementase e viceversa.

Dadas as previsións demográficas españolas o incremento será substancial no medio prazo, ata arredor do 15% do PIB. Aínda que está por ver a contención que van supor as reformas levadas a cabo, mais non parecen o suficientemente profundas para evitar un gran aumento desta porcentaxe.

### *As vantaxes do sistema à la Beveridge*

1. Permite manter o gasto en pensións en porcentaxe do PIB dentro dunhas marxes aceptábeis, mesmo no longo prazo permite reduci-lo a unha porcentaxe ínfima.

Actualmente, un sistema Beveridge en España cunha pensión de arredor de 600 euros –monto semellante á pensión mínima dun xubilado sen cónxuxe- representaría arredor do 6% do PIB. E, aínda que

este cociente posibelmente aumentaría a medio prazo, nunca o faría ata as cotas que previsibelmente alcanzaría o sistema español de pensións co seu actual deseño.

O crecemento do gasto en pensións en porcentaxe do PIB nun sistema Beveridge normalmente será menor que nun sistema Bismarck. Nun sistema Beveridge, a pensión debe axustarse anualmente en función da taxa de inflación para manter o seu poder adquisitivo, co cal a evolución do gasto en pensións en porcentaxe do PIB será igual á taxa de variación da taxa de dependencia menos a taxa de crecemento da produtividade. Por tanto, na medida en que a taxa de crecemento da produtividade sexa positiva entón o crecemento do gasto en pensións en porcentaxe do PIB será menor que nun sistema à la Bismarck.

Mais aínda, no longo prazo, un sistema à la Beveridge posúe o potencial de reducir o o gasto en pensións a unha diminuta porcentaxe do PIB. Se a taxa de crecemento da produtividade é maior que a taxa de variación da taxa de dependencia entón o gasto en pensións en porcentaxe do PIB ha diminuír e á inversa. Dada a previsíbel evolución demográfica a medio prazo, posibelmente o gasto en pensións en porcentaxe do PIB aumente cun sistema à la Beveridge nos próximos anos, mais, en todo caso, menos que cun sistema à la Bismarck. Agora ben, tamén previsibelmente, ha chegar un momento en que a taxa de crecemento da produtividade supere á taxa de variación da taxa de dependencia (no moi longo prazo a taxa de dependencia debería ser constante). De ser así, a porcentaxe do gasto en pensións en termos do PIB non deixará de reducirse. Eventualmente tendendo a cero no longo prazo. Non é así nun sistema à la Bismarck, no que o gasto en pensións en porcentaxe do PIB está determinado en última instancia pola taxa de dependencia e a xenerosidade da pensión media. Non debe entón estrañar que os sistemas de pensións con aroma à la Beveridge resistan con maior suceso as situacións demográficas adversas.

## 2. Minorar as distorsións no mercado de traballo e os desincentivos á poupanza

Un sistema à la Beveridge financiase con impostos xerais do Estado, non con cotizacións sociais que son un gravame ás rendas salariais, por tanto as distorsións causadas no mercado de traballo son moito mais pequenas que nun sistema à la Bismarck.

Xa que un sistema à la Beveridge pretende dar a cada individuo unha pensión asistencial dun monto reducido, entón as taxas impositivas necesarias para financiar o sistema sería tamén reducidas, e mesmo poderían tender a cero, como foi argumentado antes. Por tanto, as distorsións impositivas serían pequenas, mesmo nimias.

Ademais, ao ter un carácter asistencial, a pensión non suporía un desincentivo de importancia para a poupanza. Os individuos precisarían de completar a súa poupanza por outros medios.

## 3. Respectuoso coa liberdade

É un sistema que non supón nen elevados impostos –que non nos permiten facer uso libremente da nosa renda- nen unha elevada fracción forzada da poupanza. Por tanto, pódese afirmar que é mais respectuoso coa liberdade individual que un sistema à la Bismarck ou un sistema de capitalización. Por iso,

son o complemento perfecto de sistemas de pensións voluntarios e privados, alleos a toda intervención estatal, pois permiten compartillar riscos interxeracionalmente.

#### 4. É inclusivo

Non deixa a ningún fóra do sistema. O sistemas de reparto à la Bismarck e o de capitalización deixan fóra aqueles que non contribúen ao sistema. Non é así no sistema à la Beveridge onde todos reciben unha pensión independentemente da súa contribución.

#### *Unha ameaza*

A ameaza que pode sufrir o sistema de pensións Beveridge é que a presión política dos reformados inste aos gobernantes a subir as pensións por riba da taxa de inflación. Por iso, o sistema debería dotarse dun deseño institucional que minimice este risco establecendo algún tipo de regra fixa que impida unha revalorización das pensións por riba da inflación. Mais, como lle di Joe E. Brown a Tony Curtis en “Con fal-das y a lo loco”: ninguén é perfecto.

Neste artigo temos establecido unha categoría de sistemas de pensións. Temos en conta as diferenzas e semellanzas entre estes sistemas é importante para avaliar as súas consecuencias económicas e para poder discernir as súas vantaxes e inconvenientes.

O sistemas de pensións poden ser de reparto ou de capitalización. Nos sistemas de reparto a xeración actual de novos financia as pensións dos vellos, ben mediante cotizacións sociais ben con impostos, ou unha mixtura de ambas formas de financiamento.

Os sistemas de pensións de reparto que establecen un monto fixo de carácter asistencial para a pensión e financiados recorrendo mais aos impostos son coñecidos como sistemas à la Beveridge mentres que os que ligan a pensión á cotización e recorren menos aos impostos para financiarse son coñecidos como sistemas à la Bismarck.

En base aos dereitos e deberes aos que dan lugar os sistemas de pensións de reparto poden clasificarse en sistemas de prestación definida nos cales o monto da pensión é coñecido e sistemas de contribución definida nos cales o monto da contribución está establecido mais o da pensión axústase en función dunha serie de variábeis para garantir a sustentabilidade do sistema.

As circunstancias demográficas – aumento da esperaza de vida e redución da taxa de natalidade– está a someter a severas tensións orzamentarias os modelos de sistemas de pensións de reparto bismarckianos. Por iso, estanse a introducir nestes sistemas factores de axuste que permitan garantir a súa solvencia e dándolles un carácter maior de sistemas de reparto de contribución definida.

O sistema de pensións de capitalización non implica a redistribución interxeracional implícita nos sistemas de reparto. Nun sistema de capitalización os reformados reciben en forma de pensións o valor capitalizado das súas contribucións ao sistema.

Os sistemas de capitalización teñen unha rendibilidade igual á taxa de xuros normal no mercado de capitais, mentres que a taxa de rendibilidade dun sistema de reparto é igual á suma da taxa de crecemento da poboación mais a taxa de crecemento da produtividade.

Nun contexto de anémico crecemento demográfico a rendibilidade dos sistemas de capitalización supera a dos sistemas de reparto ademais de non implicar distorsións no mercado de traballo e no mercado de capitais. Porén, os sistemas de capitalización poden implicar unha alocação ineficiente da poupanza e introducir incentivos perversos no proceso político incrementando os problemas de endebedamento para as arcas públicas.

Unha alternativa aos sistemas de pensións de reparto à la Bismarck sen termos que pasar a un sistema de capitalización, cos riscos enriba sinalados que entrañan, son os sistemas de reparto à la

Beveridge –respectuosos coa liberdade individual e inclusivos- polos que teñen optado moitos países anglosaxóns. Este sistema permite reducir a enorme carga tributaria que caracteriza os sistemas à la Bismarck –e as distorsións implicadas- e conter o gasto en pensións que ameaza con dispararse debido ás circunstancias demográficas adversas.

## Para saber más...

Bianualmente a OCDE publica un informe sobre a situación dos sistemas de pensións nos países membros da organización e nunha selección de países non membros. O informe recibe o nome de “Pensions at a glance” e poden baixarse en formato PDF da rede. Na data de redacción deste artigo o último informe publicado era “Pensions at a Glance 2013: OECD and G20 Indicators” DOI: 10.1787/pension\_glance-2013-en.

Para unha xustificación dos sistemas de capitalización pódese ollar o artigo de Daniel Shapiro “La razón moral del sistema privado de pensiones” que pode encontrar en <http://www.elcato.org/publicaciones/ensayos/edc-ssp-14.html>.

Os problemas dos sistemas de reparto e as ganancias de pasar a un sistema de capitalización son descritos neste artigo de Martín Feldstein “La privatización de la seguridad social: La oportunidad de los diez mil millones de dólares” escrito en 1997 e que pode encontrar en <http://www.elcato.org/publicaciones/ensayos/edc-ssp-07.html>.

Un libro que trata a necesidade de reformar o sistema actual de pensións é “la reforma necesaria: el futuro de las pensiones” de Nicholas Barr e Peter Diamond publicado por El hombre del tres en 2012.

Unha proposta de transición a un sistema de capitalización para España pode encontrala no artigo “Una propuesta de reforma del sistema de pensiones para España” escrito no 1998 por José Piñera e Alejandro Weinstein e que pode encontrar en <http://www.elcato.org/publicaciones/ensayos/ens-1996-07.html>.

Un libro que analiza describe e analiza os problemas do sistema de pensións español e propón algunhas alternativas para a súa reforma é o de José Ignacio Conde Ruíz “ ¿Qué será de mi pensión? Cómo hacer sostenible nuestro futuro como jubilados” publicado por Ediciones Península.

## RESUMO

Nun sistema de reparto a xeración en idade de traballar paga as pensións dos reformados mentres que nun sistema de capitalización os cotizantes reciben o valor capitalizado das súas pensións.

Nun sistema de prestación definida dado un historial de cotización, a pensión á cal esta da dereito está perfectamente definida, mentres que nun de contribución definida o que toca cotizar está claro, mais a prestación á que da dereito ha depender das circunstancias demográficas e económicas.

Nun sistema de reparto à la Bismarck a pensión é proporcional á cotización mentres que nin sistema de reparto à la Beveridge a pensión é independente da cotización e igual para todos os reformados.

Os inconvenientes dun sistema de reparto à la Bismarck son a súa baixa rendibilidade nun contexto demográfico adverso, a elevada carga que supón para as rendas salariais con potenciais efectos adversos para a oferta de traballo e o desincentivo que supón para a poupanza o cal a longo prazo implica unha menor acumulación de capital e unha menor produtividade e renda per cápita.

O sistema de capitalización permite ultrapasar os inconvenientes dos sistemas de reparto mais tamén incorpora algúns inconvenientes. En particular pode supor unha alocação ineficiente da poupanza e introducir incentivos perversos no proceso político que conduzan as arcas públicas ao endebedamento excesivo.

Unha alternativa financeiramente viábel que minimiza os problemas dos sistemas de reparto à la Bismarck sen incorrer nos inconvenientes dun sistema de capitalización é un sistema de reparto à la Beveridge pois, no longo prazo, un sistema à la Beveridge posúe o potencial de reducir o gasto en pensións a unha diminuta porcentaxe do PIB e, por tanto, a carga tributaria implicada, o que lle permite minorar os desincentivos ao emprego e a poupanza. Ademais un sistema à la Beveridge é respectuoso coa liberdade individual e inclusivo.

## ACTIVIDADES

Caes son as taxas de rendibilidade dun sistema de reparto e dun sistema de capitalización? Compare ambas e discuta.

Cáles son os inconvenientes dun sistema de reparto?

Cáles son os inconvenientes dun sistema de capitalización?

Qué determina a porcentaxe do gasto en pensións en termos do PIB nun sistema de reparto à la Bismarck? E nun sistema à la Beveridge? Compare.

Cáles son as vantaxes e os problemas dun sistema de pensións à la Beveridge?







